

Banda de Música Nova Lira de Moraña

- Blossom in a japanese garden Jef Penders
Shalom Philip Sparke
An english sea song suite Philip Sparke
La leyenda del beso arr. Nicanor Soutullo y Vert
Puentearreas R. Soutullo

Dirixe: **Luis Manuel Montáns Fariña**

Banda de Música Municipal de Ribadeo

- The Millennium Song Kees Vlak
Carrascosa Jaime Texidor
La Alegría de la Huerta Federico Chueca
Arr.: Juan Lois Diéguez
The Blues Factory Jacob de Haan

Dirixe: **David Ballester Martínez**

Agrupación Musical da Guarda

- El barbero de Sevilla (obertura) Giacomo Rossini
Highlights from "Chess" Ulvaeus/ Andersson
Arr. J. De Meij
Moment for Morricone Ennio Morricone
Arr. J. De Meij
Music from "The Incredibles" Michael Giacchino
Arr. J. Bocook.
Muiñeira "A lenda de Montelongo" Bernardo del Rio
Xose L. Represas

Dirixe: **Victor Luis Alonso Treinta**

O NOSO AGRADECEMENTO A:

Acanor - Alfinox - Artes gráficas Prelo - Auto Electricidad Rubio - Auto escuela Elis - Auto escuela Miño - Auto escuela San Telmo - Bodegón Don Sancho - Bodegón tappería Os Seixiños - Café bar Bergantín - Cafetería Art Café - Cafetería Avenida- Cafetería Kanella's café - Cafetería Lolypop - Carpintería Carpal Rosal SL - Cervecería Pool Chaos - Clínica dental Coedo - Codema Lomba - Comercial Automoto - Confecciones Berridy - Confecciones El Relámpago - Confitería Montserrat - Confitería Rogelio - Construcciones Alberto Vicente - Construcciones Enrique Domínguez - Construcciones I y J Lima SL - Construcciones José y Manuel - Construcciones Miguel Angel David - Conxelados Mar Azul - Copistería Quisqueya - Dunas - Ecoautos Plus - Estanco Parada - Estanco Roxo - Farmacia J. Carlos L. Sobrino - Federópticos Fernández - Ferreteria Coruto - Flores Toxal - Floristería Beyby Flowers - Floristería La Orquidea - Floristería Marisa Baquero - Frutería Vilar Patacas - Gestoría Portela - Global Informática - Granitos del Tecla - Grúas y desgrúas Eloy Vicente Sobrino - Hotel Convento de San Benito - Hotel Cafetería Elymar - Hotel Pazo Santa Tecla - Hotel Vila da Guarda - Informática Granada - Interópticas - Joyería Alonso - Joyería Royfe - Librería Atlántica - Librería Cervantes - Librería Ler - Lidia gestión inmobiliaria - Maderas Lomba - Mármoles Álvarez - Mármoles Martineili - Master La Guardia - Materiales de construcción J. Rivero - Mercería Coser y Cantar - Mercería Pilar Rolán - Muebles Suso - Obradoiro Manualidades - O Brasileiro - Panadería Do Muño - Panadería Morales - Peluquería Almudena Barbosa - Peluquería Ignacio - Peluquería Maylacor - Peluquería Miriam Llamera - Peluquería Victor - Peluquería canina French Can Can- Perfumería droguería Chévere - Pescados y mariscos Lecio - Pescados Narcisa - Producción de flores Juan Martínez Rivero - Puertas automáticas Portalmatic - Renovaphones - Representaciones Priegue - Residencia Monte Santa Tecla - Restaurante Area Grande - Restaurante Arruaz - Restaurante As Brasas - Restaurante Casa Chupa Ovos - Restaurante Casa Valladeiro - Restaurante La Pizzicata - Restaurante Marusia - Restaurante O Cangrexal - Restaurante Os Remos - Restaurante Porto Guardés - Restaurante Xantar - Rosalvin - Seguros Enrique Vicente - Seguros FIATC - Seguros Mapfre A Guarda - Suministros Rocha - Talleres Gonzauto - Talleres Leza - Talleres Portela - Talleres Silva - Tapería El paseo - Tapicería Rofrán - Teleson milar - Tintorería Moisés - Transportes ATSA - Transportes Los Gemelos - Urgal Carpinteiros - Víctor antenas - Xanelux - Xoguetería Don Dino


IX Festival de Bandas de Música

"VILA DA GUARDA"

22 de agosto de 2015 / 19:30 h / Praza de San Bieito*

Participarán:

Banda de Música Nova Lira de Moraña
Banda de Música Municipal de Ribadeo
Agrupación Musical de A Guarda



BANDA DE MÚSICA NOVA LIRA DE MORAÑA

A Banda de Música Nova Lira de Moraña arrancou no ano 1985 baixo a batuta de Serafín Novás Barros, antigo clarinete da vella Banda "Lira de Moraña" a cal estivo activa dende 1945 ate 1956, e da cal saíron músicos que triunfaron alí por onde pasaron.

A primeira actuación en público foi ó 5 de xaneiro de 1986 na cabalgata de Reis de Moraña, na que participaron 39 rapaces, moitos dos que a día de hoxe seguen a ser o corazón da Nova Lira de Moraña, cada ano a Nova Lira continúa a participar e actuar en moitos eventos e festas populares.

Dende o ano 2.004, un músico da Escola Naval de Marín que comezou a súa formación na Nova Lira, Manuel Montans Fariña, faise cargo da batuta da Nova Lira.

A Asociación Cultural Banda de Música Nova Lira de Moraña, organiza ó longo do ano diversas actividades como ó Concerto das Letras Galegas, o concerto de Santa Cecilia, e o do Nadal, nos que amosa fundamentalmente os Compositores Galegos e as súas obras. Dende o ano 2007 colabora activamente coa Escola de Música Municipal de Moraña. Dende o ano 2005 participa en certames e intercambios culturais, nese ano participa no Certame de Bandas de Música de Campo lameiro e no 2006 no de Caldas de Reis, no 2007 no Festival de Bandas de Marín organizado polo Ateneo Santa Cecilia, e no 2008 nos Festival de Bandas de Pontevedra e Cangas, 2009 Pontevedra, 2010 Ribadumia, 2011 Caldas de Reis e 2012 no Festival de Bandas de Barro e en 2013 en No Festival de Bandas de Moaña.

Dende setembro do 2005 a Nova Lira de Moraña en colaboración co Concello de Moraña a Deputación de Pontevedra e a Federación de Bandas, organiza o Certame de Bandas de Música de Moraña, que en setembro do 2014 celebrou a súa Decima Edición.

Nos anos 2009 e 2014 participa no Certame Provincial de Bandas organizado pola Deputación de Pontevedra, na sección terceira. Nos anos 2009, 2011, 2012, 2013 e 2015 participa nos Certames Zonais de Bandas organizados pola Deputación de Pontevedra.

No 2011 a Banda de Música Nova Lira de Moraña celebrou o seu 25 aniversario editando un Libro Cd conmemorativo do evento, no que se recolle unha colección das obras mais significativas que a Banda interpretou dende a súa creación.

O Director: Luis Manuel Montans Fariña

Obtén o título de profesor na especialidade de Tuba. É compoñente da Banda de Tubas de Galicia e dende o ano 2004 Director da Banda de Música Nova Lira de Moraña.

BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE RIBADEO

A Banda de Música Municipal de Ribadeo, promovida pola Asociación Amadores da Música (hoxe en convenio permanente co Concello, polo que leva o nome de Municipal), fixo a súa presentación pública en concerto, o 25 de Xaneiro de 1992 diante de mais de un milleiro de persoas que abarrotaron a Igrexa Parroquial de Santa Mª do Campo.

Da man do mestre Hernán Naval Parapar ten tocado nas principais cidades de Galicia, en Madrid, en Barcelona, en Oviedo, en Aranjuez, en Portugal: Loures, Lisboa e Tomar, e mais en Murcia, tamén ten feito en varias ocasións gravacións tanto para RTVG coma TVE.

Rematando o ano 1997, editou un primeiro cd (feito parcialmente en directo) no que participou o pianista cubano Antonio Queija Uz, acompañado pola propia Banda. No 2001 un segundo CD estaba a punto de rematar cando se produce o falecemento de Hernán Naval. Este proxecto quedou en suspenso e tivo que ser rematado uns meses despois baixo a dirección de Marcel Van Bree.

A Banda pasou a estar dirixida por diferentes directores: empezando por Marcel Van Bree seguido de Mariano Rivas, José Luis Álvarez Braña, Bernardo Méndez Castro, Lourenzo da Silva Cruz e dende Xullo de 2009 está a ser dirixida por David Ballester Martínez.

Anualmente fai unha serie de concertos en Ribadeo, como poden ser: Semana Santa, Letras Galegas, Festival de Bandas, Día da Patria Galega, San Roque, o Día Grande de Ribadeo (8 de Setembro), Santa Cecilia e Aquí como en Viena, entre outros.

En 2007 participou no primeiro Certame Nacional Vila de la Sénia (Tarragona), concurso no que obtivo o recoñecemento dos membros do xurado e do público en xeral.

No ano 2008 gravou nos estudos Mans da Coruña, a banda sonora da película rodada en Rinlo "Los muertos van deprisa." E no 2012 os Servizos de Producción da Radio Galega gravan a obra musical "Da Capo" encargada polos pais de Almudena (extrompista da BMMR) a Juan Lois Diéguez.

O Director: David Ballester Martínez

É clarinetista solista na Banda Ferrolá de Música. Na actualidade exerce tamén como profesor de clarinete na Escola Municipal de Música e Danza de Ribadeo, e dende 2009, dirixe a Banda Municipal desta Vila.

AGRUPACIÓN MUSICAL DE A GUARDA

Por iniciativa de pais e profesores do Conservatorio de Música e do Concello de A Guarda, nace en Novembro de 2001 o proxecto de creación dunha Banda Xuvenil de Música formada por alumnos do Conservatorio. Fai a súa presentación oficial apadrinada pola Agrupación Musical do Rosal o 25 de xuño de 2005, na Praza do Reló de A Guarda, con 44 compoñentes.

Dende a súa creación a Agrupación Musical da Guarda actuou en diversos actos culturais celebrados tanto na Guarda, como na Comarca do Baixo Miño: Encontro Internacional de Corais (ano 2004), Festivais de Santa Cecilia, ciclo de concertos de verán, diversos festivais benéficos, así como en distintas celebracións e festas populares da Comarca. No ano 2007 participa nun Intercambio de Bandas de Música en Pola de Laviana (Asturias), Intercambio de bandas en Ortigueira, II Festival de Bandas "Vila da Guarda" (ano 2008), I Encuentro Nacional de Bandas en Arroyo de la Encienda (Valladolid), etc.

No ano 2009 participa por primeira vez no Certame Provincial de Bandas, acadando o 2º premio na 3ª categoría (ata 45 músicos). No ano 2010 participa no X Certame Provincial de Bandas conseguindo o 3º premio e no IV Certame Galego de Bandas en Santiago acadando a 4ª posición. En agosto do 2011 grava o seu primeiro CD no Auditorio Municipal de Goián. Créase tamén unha sección infantil que comeza os seus ensaios no mes de xullo actuando por primeira vez en público o 3 de decembro durante a celebración da festividade de Santa Cecilia. A banda infantil está dirixida por J. Antonio Soutelo Muñoz, profesor de vento-madeira. En 2014 participa no programa Luar da Televisión de Galicia. En 2015 participa no III Festival Zonal de Bandas de Música da Deputación.

Actualmente, a Agrupación Musical da Guarda está formada por 55 músicos e dirixida dende os seus inicios por Víctor Luís Alonso Treinta.

O Director: Víctor Luís Alonso Treinta

É profesor de trompeta e orquestra no Conservatorio Profesional de Música de Tui, profesor de vento-metal no Conservatorio de Música de A Guarda e director da Banda de Música Agrupación Musical Da Guarda